



O teu Concello informate

Saneamento no lugar de San Mamede

Dentro do Programa «Proxecto Mandeo –posta en valor das cuncas fluviais 1ª fase– Río Mandeo» que está executando a Deputación Provincial cofinanciado nun 70% con fondos FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional), este Concello comezará en breve as obras do saneamento en San Mamede.

Por un importe de **149.314,56 euros**, conta coa instalación dun alcantarillado no lugar de San Mamede, na parroquia de Vigo. As obras implican a execución de zanzas, colocación de colectores, os conseguintes pozos de rexistro e a instalación dunha decantadora-dixestora.

Este tipo de actuacións son de prioridade para o noso territorio dada a incidencia ambiental que teñen sobre o entorno e a sensibilidade da sociedade actual, plenamente conscente de que o coidado do medio é de vital importancia para a sostibilidade e o desenvolvemento.

Coa realización desta nova infraestrutura elimínanse os focos de contaminación derivados dos vertidos incontrolados de augas residuais e fecais que tanto dano producen degradando paulatinamente o ecosistema.

Priorizando estas actuacións, estamos coidando a riqueza natural de Paderne como un pilar básico dun desenvolvemento solidamente asentado a fin de poder deixar, para as futuras xeracións, ben construídas as bases para a vida neste Concello.



O Alcalde e os concelleiros preto dos terreos nos que vai a ir a depuradora.

Remate do saneamento en Ínsua

Están a rematar os traballos das obras de saneamento en Ínsua correspondentes á Segunda Fase da anualidade 2011 do Proxecto Mandeo cofinanciado con fondos FEDER. A realización deste custoso proxecto implicaba a construción dunha complexa rede de canalización e dúas estacións de bombeo imprescindibles para cubrir este servizo ós veciños de Ínsua. Unha vez supervisados os traballos polos técnicos da Deputación de A Coruña a obra será entregada ó Concello que, unha vez superado este trámite, mandará carta ós veciños a fin de que poidan solicitar os correspondentes enganches e ir completando así tódalas etapas.



No lugar das obras.

Aulas de conciliación

O pasado 31 de agosto clausuráronse as Aulas de Conciliación no Concello de Paderne levadas a cabo coa colaboración económica da Deputación Provincial. Este servizo especializado de atención a menores durante o período vacacional permitiu que 20 familias de Paderne conciliaran a súa vida laboral e familiar. Os menores foron atendidos por persoal especializado en horario de 8:30 a 14:30 durante os meses de xullo e agosto.



Ó comezo da festa no momento da degustación de caza

Día da Familia

O campo de O Telleiro volveu a encherse de xente para celebrar un ano máis o Día da Familia xuntando arredor de 900 persoas baixo a carpa. O Alcalde no seu tradicional saúdo, tivo unhas cariñosas palabras de agradecemento para tódolos asistentes iniciando así unha celebración moi especial que el mesmo instaurou fai uns anos coa idea de potenciar e crear vínculos entre as persoas de Paderne.

A inestimable colaboración do Coto de Caza fai que se poida degustar un manxar que moitas persoas só teñen ocasión de comer neste Día servindo así como contundente aperitivo mentres as familias van acomodando as súas viandas nas mesas.

Diversión para os máis pequenos con inchables, o toro mecánico, a festa da espuma e a simulación e primeiras clases de golf, fóra da carpa; dentro podíase disfrutar de animación e parodias a cargo de Caramuxo Teatro, ademais de xogos de cartas, parchís e dominó ós que tantos son afeccionados. A música de baile, a queimada e os fogos artificiais puxeron o broche final a un estupendo día no que o Alcalde conseguiu reunir a familias de tódalas parroquias do Concello en torno a unha gran mesa.

Excursión a Muxía

A primeira excursión desta nova tempada do Programa «Paderne en Familia» foi a Muxía, que o pasado día 9 de setembro, celebrou a romaría da Virxe da Barca. O tempo axudou a que se puidera disfrutar de tódalas tradicións como a de «Abalar a Pedra» ou a de pasar sete veces por debaixo da «Pedra dos Cadriís» aínda que outros coñecían tamén a «Pedra do Timón» ou a «Furna dos Namorados» acompañando, todas elas, a manter viva a devoción a esta pequena imaxe da Virxe ligada á tradición do Camiño de Santiago. Cantidade de fieis seguiron a Misa de Campaña e logo a procesión desde o santuario e o percorrido pola vila mariñeira rematando cunha atronadora traca de foguetes que viña a poñer o broche a esta mañá de culto. Despois da comida e o sorteo de regalos emprendeuse a viaxe de volta facendo un pequeno descanso en Carballo.



O Alcalde con algunhas das persoas de Paderne na «Pedra de Abalar»

Limpeza de praias

O Concello de Paderne veu de contratar dous peóns nos meses de xullo a setembro por medio da convocatoria do Programa «Limpeza de Praias», anualidade 2012, da Deputación de A Coruña mediante a cal recibiu do citado Organismo unha achega de **5.000 euros** para este fin.

A finalidade desta convocatoria é apoiar ós concellos da provincia no sostemento dos gastos derivados da contratación das cuadrillas ou contratos de limpeza de praias marítimas durante a tempada de verán podendo optar a elas os concellos que no seu termo municipal conten con praia.

O concello de Paderne veuse obrigado a reducir o número de persoas que usualmente integraban este servizo debido ós importantes recortes recibidos nesta convocatoria.

Fondo de compensación ambiental. Limpeza de camiños rurais e forestais

A través da Orde do 4 de maio de 2012 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regula a convocatoria de subvencións e os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, solicitouse unha axuda de **13.200 euros** para a «Limpeza de camiños rurais e forestais».

Esta axuda solicitada ten como fin a limpeza e desbroce dos camiños rurais e forestais que supoñen un elevado risco de incendios e un gran perigo para a seguridade dos vehículos e viandantes, especialmente nos meses de verán.

Con esta achega intentaron manterse en un estado aceptable os camiños e pistas de todo o Concello traballando de maneira ininterrompida dentro do período do 1 de xullo ó 30 de setembro unha persoa con tractor desbrozadora e ferramenta manual.

Contratacións por medio dos programas de cooperación

O cadro de persoal do Concello de Paderne vense a incrementarse coas axudas concedidas a través dos Programas de Cooperación da Consellería de Traballo e Benestar incorporando os seguintes servizos:

- **2** Auxiliares de axuda no fogar a media xornada mediante unha subvención de **4.875,92 euros** e por un período de catro meses.
- **1** Socorrista para a piscina municipal a xornada completa mediante unha subvención de **3.669,04 euros** por un período de dous meses.
- **1** Peón para o desbroce de camiños rurais a media xornada mediante unha subvención de **2.453 euros** por un período de catro meses.

Actividades de adultos curso 2012-2013

PADERNE				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Taller de memoria 16:30-18:00	Cestería 16:00-18:00 Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	Informática perfeccionamento 20:15-21:15	Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	Manualidades 18:00-20:00 Pilates 20:15-21:15 Informática Inic. 20:30-21:30

AREAS		SOUTO		
XOVES	LUNS	MARTES	MÉRCORES	VENRES
Pintura e manualidades 18:30-20:30	Ximnasia de mantemento 20:15-21:00	Cestería 21:00-23:00	Ximnasia de mantemento 20:15-21:00	Manualidades 20:30-22:30

VIGO		VELOUZÁS		
LUNS	XOVES	LUNS	MARTES	MÉRCORES
Cestería 17:00-19:00	Pintura e manualidades 16:00-18:00	Ximnasia de mantemento 18:15-19:00	Bailes de salón 21:00-22:00	Ximnasia de mantemento 18:15-19:00

VIÑAS				VILAMOUREL		
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	LUNS	MARTES	XOVES
Pintura 17:00 -19:00	Taller de Memoria 17:00-18:30	Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	Pilates 19:00-20:00	Cestería 19:30-21:30	Ximnasia de mantemento 20:15-21:00	Ximnasia de mantemento 20:15-21:00
Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	Cestería 18:30-20:30				Bailes de salón 22:15-23:15	Aerobic 21:30-22:30

A presentación das actividades de adultos será o día **15 de outubro ás 20:30** horas no Salón de Sesiões da Casa do Concello
En breves datas, o Concello en colaboración coa A.VV., manterá unha reunión cos veciños de Quintas para concretar actividades no novo local.

Actividades extraescolares curso 2012-2013

Para participar hai que inscribirse previamente nas Oficinas Municipais asinando unha autorización dos pais/nais, titor/titora. Comezan o día **15 de outubro**.

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Psicomotricidade 17:00-18:00	F.S. Benxamíns 17:00-18:00 F.S. Alevín e Inf. 18:00-19:00	Bádminton 17:00-18:00	F.S. Benxamíns 17:00-18:00 F.S. Alevín e Inf. 18:00-19:00	F.S. Cadetes 17:00-19:00 Informática 17:30-18:30 18:30-19:30 19:30-20:30

PEIM 2012. Contratación

O Concello de Paderne ven de contratar as obras incluídas no Plan Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM 2012) da Consellería do Medio Rural e do Mar por un importe de **21.003,68 euros**.

Ditas obras consisten na mellora da pavimentación das seguintes vías municipais na parroquia de Viñas:

- Camiño de Trasmil ó cemiterio
- Lambre ó cruce do Valiño
- Praza de Montecelo a Ponte de Lambre

Polideportiva municipal en Viñas e Escola de Areas

Mediante dunha achega de **3.800 euros**, da Deputación de A Coruña, realizáronse obras de mantemento na polideportiva municipal en Viñas consistentes na reposición do acristalamento, pintado, recollida de pluviais e colocación de portas interiores.

Tamén cunha achega da Deputación de A Coruña por valor de **9.496,56 euros**, realizáronse obras de mellora e acondicionamento do local cultural da escola de Areas consistentes na reposición de pavimentos, baños, portas, ventás e puntos de luz, deixando o local nunhas condicións de habitabilidade apta para os usos actuais.

Convenio Camiño da Penadagia

O Alcalde ven de asinar un Convenio de colaboración coa Deputación de A Coruña para o financiamento da obra de «Mellora no camiño da Penadagia».

Con un custe total de **37.500 euros**, a Deputación ven a financiar o 80% das obras o que supón unha achega de **30.000 euros**.

Dita estrada ven a representar unha vía de comunicación importante desde Paderne á Cruz, en Velouzás, e da Cruz á Penadagia por Sas e Chantada servindo de enlace entre estes lugares e a N-VI coa que os comunica.

Debido á excesiva circulación que soporta, este acceso atópase en malas condicións o que fai preciso unha mellora da súa pavimentación e a eliminación dos baches a fin de facilitar unha axeitada circulación e proporcionar un mellor servizo ós veciños que diariamente a están a utilizar.

Saneamento Paderne e POS-2011

Están a rematar as obras de acometida dos enganches para o saneamento na parroquia de Paderne finalizando así coa instalación dun servizo básico para o desenvolvemento da poboación.

Unha obra importantísima que se debe ir realizando en sucesivas anualidades a fin de poder financiar os gastos que ocasionan e que teñen como meta ilo completando en tódalas parroquias de Paderne ata facelo efectivo na súa totalidade.

Unha vez rematados os enganches procederase ó asfaltado dos núcleos de O Cruceiro, Paderne de Abaixo, Nogueirido-Amboade, camiño Telleiro, Viña Nova e Agra de Abaixo na parroquia de Paderne así como o camiño á Pereira na parroquia de Obre contemplados no POS-2011.

Excursión

O Programa «Paderne en Familia» realiza unha nova excursión o vindeiro sábado **27 de outubro a Portugal**.

Pola mañá achegarémonos a Vilanova de Cerveira, a curiosear e mercar na feira que realizan os sábados. Valença do Miño será o destino da tarde; nesta outra vila poderemos mercar nos múltiples postos e tendas, ademais de pasear polas estreitas rúas típicas da zona.

Ás 7 da mañá os autobuses comezarán a recoller ás persoas polas distintas parroquias. Poderán asistir persoas empadroadas no Concello de Paderne cunha aportación por persoa de 25 euros. Os interesados poden inscribirse chamando ás oficinas municipais ata o día 24 de outubro.

UNED senior aula Paderne

Amparado no alto número de persoas participantes en cursos anteriores, o Concello apoia novamente este proxecto a través do cal as persoas maiores de 50 anos poderán complementar seus coñecementos cursando as materias propostas para este ano.

A proposta formativa que se levará a cabo na Aula de Paderne, consta de catro materias de interese xeral como son

HISTORIA DE GALICIA, MEDICINA, MÚSICA E INFORMÁTICA.

O Concello, porá á súa disposición a aula de informática para que poidan ser levadas a cabo as clases, así como as instalacións do Centro de Maiores e toda a infraestrutura necesaria para o correcto desenvolvemento das mesmas.

As persoas interesadas en participar deben dirixirse ós servizos sociais municipais onde recibirán unha maior información sobre prezos e horarios.

O presente cuatrimestre dará comezo o próximo día 3 de outubro co inicio das clases. A inauguración do curso realizarase con posterioridade, ó longo do mes, e consistirá nun acto oficial e un xantar de convivencia entre os alumnos e as entidades implicadas no desenvolvemento da UNED SENIOR.

Exposición: Ondas de Irmandade II «Centenario do asociacionismo mariñeiro»

Vai a estar exposta en Paderne do 19 ó 29 de outubro sendo inaugurada polo Alcalde o mesmo día 19 ás 8 da tarde nas dependencias do Centro de Maiores.

Esta exposición conmemora o centenario do asociacionismo mariñeiro no golfo Ártabro; lembrando á sociedade «Vigilancia de la Ría» de Sada, creada en 1909 co obxectivo de defender a riqueza pesqueira. Baseada en fotografías e nas experiencias dos homes e mulleres que participaron activamente na defensa da pesca e o marisqueo da zona.

Fetivos locais

O Pleno da Corporación do pasado 7 de setembro, acordou sinalar como festivos locais para o vindeiro 2013, o martes de entroido, 12 de febreiro, e o 16 de agosto.